



XUNTA XERAL ORDINARIA 1ª/2021

Acta da sesión que tivo lugar o día dezanove de abril de dous mil vinte e un.

No salón de actos da Escola Galega de Administración Pública, en Santiago de Compostela, ás 19.00 h, reúñese a Xunta Xeral do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, baixo a presidencia do seu decano, D. Francisco José Rabuñal Mosquera, e na que participan os seus membros D^a María del Carmen González Ferro, D. Manuel Francisco Martín García, D. Javier Constenla Vega, D. Ramón Quintela Miramontes, D^a Patricia Arnoso López e Margarita Ruiz Núñez, así como os letrados/as D. Manuel Arza Galán, D^a María del Pilar Fonseca Cao, D^a Noelia Garra Castro e D^a María Lourdes Silva Tojo.

ORDE DO DÍA

- 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xunta xeral.**
- 2. Recensións do decano sobre os acontecementos más significativos que tiveron lugar o ano anterior en relación co colexió.**
- 3. Exame e votación da conta xeral de gastos e ingresos do exercicio anterior.**
- 4. Proposicións.**
- 5. Rogos e preguntas.**

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR

Sométese á votación a acta da sesión anterior, que é aprobada por unanimidade de todos os membros presentes.

2. RECENSIÓN DO DECANO SOBRE OS ACONTECIMENTOS MÁIS SIGNIFICATIVOS QUE TIVERON LUGAR O ANO ANTERIOR EN RELACIÓN CO COLEXIO.

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta das seguintes accións en relación coa **xestión colexial**:

- Durante o ano 2020 tramitáronse un total de 3273 expedientes de xustiza gratuita.
- As certificacións emitidas na quenda de oficio sumaron un importe de 798.029,09 euros, repartido entre todos os colexiados/as que forman parte da quenda.
- Tamén se xustificou un gasto aproximado de 18.000 euros para outros convenios (mediacións familiar e penal e via previa concello), repartido entre os letrados/as que prestan eses servizos.
- Tramitáronse 30 altas de novos colexiados/as (28 como exercentes e 2 como non exercentes).
- Rematou o ano cun total de 845 colexiados exercentes e de 538 non exercentes.
- Emitíronse 60 informes de honorarios para taxacións de custas.
- Tramitáronse 27 expedientes de dilixencias de información previa por denuncias sobre actuacións profesionais.
- Tramitáronse 11 expedientes disciplinarios.

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela pasa a dar conta **doutras actuacións** desenvolvidas durante o ano 2020:

- Festividade de San Raimundo de Peñafort 2020, o 28 de febreiro
- Estudo sobre o atraso dos informes psicosociais do Imelga en asuntos de familia
- Concesión de bolsas de estudos ao alumnado da Escola de Práctica Xurídica
- Declaración institucional do Colexio no Día Internacional das Mulleres (8 de marzo)
- Creación da App ICASantiago para dispositivos móbiles (Android e iOS) co fin de fomentar o acceso aos servizos e á información colexial de maior interese.
- Publicación do número 20/2020 da revista Avogacia Compostelá
- Publicación da Guía colexial 2020
- Publicación da Memoria anual 2019
- Reunión territorial da Mutualidad de la Abogacía, previa á Asemblea Xeral (23 de xullo)

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela pasa a dar conta das actuacións e medidas levadas a cabo no ano 2020 en relación coa **Covid-19**:

- Tanto as oficinas coma a atención ao público mantivéronse en activo durante o estado alarma provocado pola Covid-19, con adopción de medidas e adaptacións horarias nas sedes colexiais para permitir a prestación de servizos de forma segura.



- Adquisición de equipos de protección e hixiénicos para distribuír entre os colexiados/as e o persoal do colexio (máscaras, xel hidroalcohólico, guantes etc.).
- Adianto dos pagamentos trimestrais correspondentes á quenda de oficio mediante fondos propios
- Creación dun fondo de axudas de 150.000 € para préstamos sen xuros a colexiados/as
- Habilitación e acondicionamento dunha sala para a celebración de xuizos telemáticos na sede principal
- Seguro de baixa laboral por Covid-19
- Obra social: recadación de doazóns para a Cociña Económica e o Banco de Alimentos
- Incremento da subvención á póliza de responsabilidade civil a 100.000 euros anuais.

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta das seguintes intervencións en relación co funcionamento da **biblioteca**:

- Contratación da base de datos xurídica Global Economist & Jurist (dispoñible na web colexial)
- Seguen dispoñibles na páxina web as seguintes bases de datos xurídicas: La Ley Digital, Tirant lo Blanch, Biblioteca Online de Sepín, vLex Premium e Thomson Reuters Aranzadi.

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta das seguintes actividades de **formación** desenvolvidas durante o ano 2020:

- Xornada práctica sobre o manexo da base de datos vLex dispoñible na web colexial (13 de febreiro)
- Curso superior en protección de datos (a partir do 7 de marzo)
- Ciclo formativo sobre a nova lei concursal (maio a xullo, webinario)
- Xornadas sobre dereito de familia: “Cuestións procesuais e liquidación da sociedade de gananciais” (5 e 19 de novembro, webinario)
- Cursos: “Contabilidade, práctica contable e análise de balances”, “Xestión laboral e contratación” e “Fiscalidade para a peme: IRPF, IVE e sociedades”, en colaboración co IECE (febreiro a marzo)
- Curso de linguaxe xurídica galega (setembro a novembro, teleformación)
- Programa especializado en corporate compliance e xestión de riscos empresariais (outubro de 2020 a febreiro de 2021)
- Curso en liña: “Repaso gramatical e ortográfico da lingua galega” (novembro)

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta dos principais **acordos** tomados durante o ano 2020:

- Renovación da póliza do seguro de responsabilidade civil, do 01.07.2020 ao 30.06.2021 (ampliación da subvención do colexio a 100.000 euros)

- Acordo de adhesión ao Rexistro de Impagados Xudiciais
- Acordo de adhesión ao convenio co CGAE e o Ministerio de Política Territorial e Función Pública para a tramitación electrónica de asuntos de estranxeiría
- Acordo sobre interpretación da norma 103 no caso das custas dun procedemento de modificación de medidas

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta dos **convenios** de colaboración subscritos polo Colexio:

- Convenio co Consello Xeral do Poder Xudicial, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Ministerio Fiscal e o Ciarcus, para a posta en marcha dun programa de mediación penal
- Convenio co Concello de Santiago de Compostela para asesoramento na vía previa administrativa e laboral e para a mediación en conflitos veciñais e en desafiuazamentos
- Convenio entre o IGVS e o Consello da Avogacia Galega para o asesoramento xurídico en materia de ocupación ilegal de vivendas
- Renovación do convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística en materia de normalización lingüística
- Renovación do convenio de mediación intraxudicial coa Consellería de Traballo
- Convenio de colaboración con Caixabank
- Convenios con Asisa e Adeslas
- Convenio con Iberdrola
- Convenio con Caser Seguros para a contratación de poliza colectiva de saúde
- Convenios con editoriais xurídicas (La Ley, Sepin e Tirant lo Blanch) para coeditar manuais coas principais novedades lexislativas a prezos reducidos
- Convenio co aparcadoiro de ÁREA Central
- Convenio con Clínica Dental Dublin
- Convenio con Opticalia Casa de los Lentes
- Convenio con Atriga para a realización declaracíons e liquidacíons de impostos en nome de terceiros
- Convenio coa AEAT para a realización para a realización declaracíons e liquidacíons de impostos en nome de terceiros

3. EXAME E VOTACIÓN DAS CONTAS XERAIS DE GASTOS E INGRESOS DO EXERCICIO ANTERIOR

O secretario técnico do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta do seguinte balance de gastos e ingresos do exercicio correspondente ao ano 2020:

**GASTOS****788.222,84**

2. Aprovisionamentos	58.944,99
601. Compras de materias primas	37.396,83
602. Compras doutros aprovisionamentos	20.948,16
607. Traballo realizados por outras empresas	600,00
3. Gastos de persoal	276.986,37
640. Soldos e salarios	216.570,42
642. Seguridade social a cargo da empresa	60.415,95
4. Outros gastos de explotación	440.846,74
620. Gastos en investigación e desenvolvemento do exercicio	74.578,80
621. Arrendamentos e canons	4.918,07
622. Reparacións e conservación	17.114,97
623. Servizos de profesionais independentes	20.650,64
625. Primas de seguros	206.359,37
626. Servizos bancarios e similares	40,11
628. Subministracións	11.265,03
629. Outros servizos	64.940,33
631. Outros tributos	1.791,01
6341. Axustes negativos en IVE de activo corrente	30.648,53
650. Perdas de créditos comerciais incobrables	1.516,00
654. Gastos reembolso goberno	2.674,66
655. Perdas de créditos incobrables	1.953,45
678. Gastos excepcionais	1.758,49
694. Perdas por deterioración de créditos por operacións comerciais	637,28
5. Amortización do inmobilizado	8.820,56
681. Amortización do inmobilizado intanxible	301,37
681. Amortización do inmobilizado material	8.519,19
B) Resultado financeiro (beneficios)	153,00
C) Resultado antes de impuestos (beneficios)	0,00
11. Imposto sobre beneficios	2.624,18
6300. Imposto corrente	2.624,18

INGRESOS**775.015,11**

1. Importe neto da cifra de negocios	7.393,38
705. Prestacións de servizos	7.393,38
3. Traballo realizados pola empresa para o seu activo	676.746,50
721. Cotas colexiais	673.496,50
723. Cotas profesionais	3.250,00

5. Outros ingresos de explotación	88.768,78
740. Subvencións, doazóns e legados á explotación	71.950,39
754. Ingresos por comisións	4.879,40
755. Ingresos por servizos ao persoal	10.786,63
778. Ingresos excepcionais	1.152,36
6. Outros gastos de explotación	1.953,45
794. Reversión da deterioración de créditos por operacións comerciais	1.953,45
 a) Perda de explotación	10.736,55
10. Ingresos financeiros	153,00
769. Outros ingresos financeiros	153,00
 c) Resultado antes de impuestos (perdas)	10.583,55
 d) Resultado do ejercicio (perdas)	13.207,73

A colexiada D^a María Lourdes Silva Tojo intervén para solicitar as seguintes aclaracións:

- Na liquidación non figuran os préstamos Covid-19?
- A que se debe a subida do persoal da Escola de Práctica Xurídica?

O decano e o secretario técnico interveñen para aclarar que os préstamos Covid-19 non figuran no balance de perdidas e ganancias xa que se inclúen na conta 5, que poderán consultarse en calquera momento no Libro Maior de Contas. En canto ao incremento de salario destinado ao persoal da Escola de Práctica Xurídica, aclaran que se debe ao cambio de categoría dunha traballadora, tal e como establece o convenio de oficinas e despachos.

Tras as aclaracións realizadas, as contas e gastos sométense á votación e finalmente son aprobadas por unanimidade con 11 votos a favor.

4. PROPOSICIÓNNS

Non se formulan.



5. ROGOS E PREGUNTAS

A colexiada María del Pilar Fonseca Cao intervén para preguntar que trámites se realizaron dende o Colexio en relación cun escrito de queixa presentado por ela ante a Xunta de Goberno para obter unha tarxeta de aparcamento do Concello de Santiago de Compostela para as persoas que traballan na cidade e proveñen de concellos próximos.

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela toma a palabra para informar a Sra. Fonseca Cao de que o acordo tomado pola Xunta de Goberno ao respecto foi remitido ao concelleiro de tráfico e que ainda non contestou. Non obstante, ante a falta de resposta, reiterarase o dito acordo.

María del Pilar Fonseca Cao volve intervir para manifestar as súas queixas contra o Xulgado de Instrucción Núm. 3 de Santiago de Compostela no relativo a que o dito órgano ten designados dous letrados pola garda no mesmo procedemento e solicita que se aclare a quen lle corresponde seguir con el.

A seguir, interveñen o decano e o secretario técnico para aclararalle á Sra. Fonseca Cao que nestes casos deberá continuar o letrado co número de atestado ou procedemento máis antigo. Así mesmo, o decano fai unha mención a que este tipo de queixas contra o funcionamento dos xulgados é conveniente que as fagan chegar por escrito para poder tratarlas con máis detalle nas xuntas de goberno.

A Sra. Fonseca Cao solicita información en relación coa quenda de oficio laboral e en particular no referido á vía previa.

Toma a palabra o secretario técnico, quen informa de que se na vía previa hai acordo, pode declararse como resolución extrajudicial. Se non houbese acordo, a actuación incluiríase no procedemento laboral. Así mesmo, infórmase de que se están a iniciar as negociacións do novo baremo da quenda de oficio e que se intentará que se regule a vía previa laboral e administrativa.

A colexiada D^a Noelia Garra Castro tamén quere manifestar as súas queixas en relación con determinadas actuacións do Xulgado de Instrucción Núm. 3 de Santiago de Compostela.

E, ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión en Santiago de Compostela, o día 19 de abril de 2021, ás 20.20 h. Como secretario, dou fe.

O decano

O secretario